



## CONVOCATORIA DUNHA PRAZA DE COMUNICACIÓN

A Real Academia Galega convoca un concurso aberto para cubrir unha praza de comunicación. As persoas interesadas poderán presentar a solicitude na sede da institución a partir do luns 15 e ata o xoves 25 de xuño de 2015, segundo as indicacións que figuran a seguir.

Unha vez remate o prazo de presentación de solicitudes, aprobarase a lista provisional de admitidos e excluídos, que será publicada na páxina web [www.academia.gal](http://www.academia.gal)

### Requisitos

- a) Licenciatura ou Grao en Xornalismo e/ou Comunicación Audiovisual
- b) Competencia demostrable en lingua galega oral e escrita

### Méritos

- a) Formación e experiencia en xornalismo web
- b) Formación e experiencia en gabinetes e en comunicación corporativa
- c) Formación e experiencia en xestión de redes sociais
- d) Formación e experiencia en xestión cultural
- e) Experiencia en medios escritos e audiovisuais
- f) Coñecementos de edición
- g) Utilización e calidade da lingua galega
- h) Coñecemento doutras linguas

### Condições


Xornada completa. Contrato ata 31 de decembro (prorrogable).

### Remuneración

1.250 €/mes

### Funcións

- a) Xestión do espazo web da RAG: elaboración e revisión de contidos para a web (producción, elaboración, redacción...)
- b) Xestión da comunicación pública da RAG e das relacións cos medios de comunicación (elaboración e difusión de novas, convocatoria de roldas de prensa, entrevistas...)
- c) Xestión do gabinete de comunicación da RAG





## REAL ACADEMIA GALEGA

- d) Difusión das actividades da RAG a través dos medios de comunicación e das redes sociais
- e) Coordinación, elaboración e edición de contidos audiovisuais (web)
- f) Coordinación, elaboración e edición de contidos dixitais (web)
- g) Dinamización da presenza da RAG nas redes sociais
- h) Colaboración na organización e cobertura de actos públicos da RAG
- i) Apoio á organización de actividades da RAG

### **Instrucións para a entrega de documentación**

Deberase presentar en papel, na sede da RAG (Tabernas, 11- 15001 A Coruña), mediante entrega persoal ou envío por correo certificado. **Data límite: 25 de xuño.**

A documentación acreditativa dos méritos, acompañarase dun resumo (máximo 1 folio) no que se fará constar:

- a) os datos de identidade e contacto por esta orde: nome e apelidos, DNI, data de nacemento, lugar de nacemento, número de teléfono, correo electrónico, enderezo postal.
- b) relación de título(s) académico(s)
- c) relación de méritos alegados

**O 29 de xuño** farase pública na páxina web da Academia a listaxe de persoas admitidas e excluídas.

### **Dependencia orgánica**

Localización na área de dirección e xestión da RAG

Dependencia directa do Presidente, o Secretario e a Executiva da RAG

A Coruña, 12 de xuño de 2015

